

-¡Galleguiña!

Interfítulo de La Casa de la Troya (1925)

***Coidadoras e dispoñibles.  
As mulleres nos filmes en Compostela  
(e as que teñen que vir)***



**Compostela  
Filmada**

As rúas de Compostela teñen sido, desde os inicios da historia do cinema, un espazo privilexiado para contar historias, as máis delas arredor dos mitos fundacionais da cidade. As peregrinacións, por unha banda, e a vida estudantil e nocturna da cidade, pola outra, son os temas preferentes destes filmes de ficción, nos que resulta case imposible atopar unha muller protagonista. Así, nos filmes máis icónicos, as personaxes femininas preséntanse nun segundo plano, secundando a protagonistas varóns que, individualmente ou en grupo, presentan vidas de ficción complexas, nas que aman, sofren, traballan, son violentos, amables, vingativos ou vítimas. Non é, na vida das imaxes, unha sorpresa nin unha excepción que os roles femininos sexan secundarios e, en moitas ocasións, permanezan invisibilizados. Moi boa parte da **teoría feminista** tense ocupado de estudar este baleiro de mulleres nas historias de cinema. Nos últimos anos, multiplícanse as análises deses ocos da representación da vida das mulleres, que comezan a aparecer, aos poucos, con voz propia en relatos audiovisuais. Convén facelo tamén nunha presada de filmes rodados en Compostela, dezasete películas realizadas entre os anos 1924 e 2017, nas que a cidade é protagonista, é dicir, nas que non é unha simple localización senón que é nomeada e nos que a vida, chegada o saída de Compostela constitúen o cerne da acción da personaxes.

## Unha cidade de homes

Unha primeira ollada aos argumentos dos filmes rodados na cidade suxire unha intuición que se confirma no seu visionado: como o lonxano Oeste americano, Compostela é unha cidade de homes. Estudantes, peregrinos, sacerdotes, escritores ou directores de cinema son protagonistas das historias, nas que as mulleres son practicamente inexistentes. Este é o caso de filmes como *Cotolay* (Nieves Conde, 1966) ou *Encallados* (Zarauza, 2013), nos que non hai ningunha personaxe feminina (aínda que en *Encallados* podería fálarse dunha protagonista in absentia, presentada como ex parella do protagonista). Malia a presenza de mulleres na trama, como veremos, o universo eminentemente masculino é o propio do mundo estudantil, como nas dúas versións de *La Casa de la Troya* (Alejandro Pérez Lugín, Manuel Noriega, 1925; Rafael Gil, 1959), adaptacións da novela de Alejandro Pérez Lugín que conta a historia do estudante madrileño Gerardo Roquer, ou da comedia musical *En la red de mi canción* (Mariano Ozores, 1971), na que o personaxe de Andrés, interpretado por Andrés do Barro, fai que estuda Dereito pero só se interesa pola “música y las mujeres”. Tamén o é o de *Doentes* (Gustavo Balza, Roberto G. Méndez, 2011), adaptación neste caso da obra teatral de Roberto Vidal Bolaño, de *La noche que dejó de llover* (2008), primeira longa de Alfonso Zarauza que narra a historia do bohemio Spleen, ou de *Trece badaladas* (Xavier Villaverde, 2003), adaptación da novela de Suso de Toro que se centra na historia de Xacobe, un escultor que retorna á cidade. Nestes filmes, alén da presenza dun absoluto protagonismo masculino, hai unha interesante posta en escena da amizade masculina asociada á noite, a peregrinacións profanas polos bares da cidade, a unha sensación de comodidade no espazo público que non se representa en

ningún momento asociado a grupos de mulleres, que non vemos en ningún só filme dos analizados.

### As que están

Desde a presenza en pantalla da primeira personaxe feminina desta mostra de filmes, Carmiña, obxecto de amor de Gerardo Roquer en *La casa de la Troya*, vaise perfilando un conxunto de personaxes que podemos identificar sempre como soportes do heroe protagonista. Son mozas, esposas, nais... sempre dispostas a coidar dos homes do seu entorno. Dúas liñas de diálogo de *Trece badaladas* serven ao propósito de presentar ese papel de coidadoras de xeito especialmente explícito. Xacobe, o escultor con problemas mentais, abafado polo recordo de seu pai, supostamente asasinado pola súa nai, reencóntrase con Compostela e coa misión da obra inacabada do seu proxenitor. María, filla da criada da familia, e responsable do regreso de Xacobe á cidade, preséntase como o anxo protector do artista atormentado:

Xacobe: Que pensarías se che dixera que me estou asomando ao abismo?

María: Que vas necesitar alguén que te recolla.

O caso de Carmiña, particularmente na primeira versión de *La casa de la Troya*, incorpora ademais unha serie de elementos asimilables ao tropo da muller galega, que, nunha operación de transformación da imaxe desde o estereotipo de laxitude moral que viña da literatura española, se converteu no de “mulheres piedosas e abnegadas” ao tempo que a propia Galicia se presenta como unha “mãe necesitada de cuidados e de protección”, tal e como defende Helena Miguélez Carballeira. A dozura de Carmiña é o motor para encarrear a Gerardo, quen, ata a súa chegada como estudante a Compostela, é un personaxe díscolo e irresponsable, pero que se transforma pola petición de Carmiña de que estude como condición indispensable para gañar o seu afecto.



Carmiña, a primeira pasantía da historia

Este ideal de coidadora abnegada traspasa moitos dos filmes analizados ata o extremo da representación das personaxes femininas no filme de Mariano Ozores *En la red de mi canción*, estreado en 1971. Ademais de soporte para os personaxes dos estudantes, os personaxes das súas mozas son cousificados como obxectos sexuais -a presentación en imaxes de Elena Ballesteros, interpretada pola daquela estrela consolidada Conchita Velasco, é un plano das súas pernas- ou como fonte de ingresos para os estudantes. Unha liña de texto, a que un dos estudantes, Manolo Tudela, dedica á súa eterna moza, Margá, que financia parte das súas actividades de lecer: “Tiene razón la cosa esta”, deixa claro cal é o ton humorístico da fita ademais da súa representación das mulleres como obxectos.



As pernas de Conchita Velasco, unha homenaxe a Mike Nichols?

O cinema máis recente segue nalgúns casos acudindo a tópicos, sobre todo no que respecta á representación e ás relacións románticas, como o da oposición entre a maternidade castrante e a muller que se consome, encarnada no personaxe da prostituta. En *La noche que dejó de llover*, Spleen, que desexa fuxir da opresión materna, pasa a súa derradeira noite na cidade vagando polas súas rúas cunha prostituta que fora contratada polos seus amigos para facerlle crer que está namorada del. Un personaxe, o da Rusa, que, por suposto, revelará o segredo ao protagonista e quedará a coidar del, absolutamente namorada, case de inmediato, dos seus encantos bohemios.

### As excepcións

Hai, con todo, excepcións. Mulleres que presentan un certo grao de complexidade como personaxes, que non actúan como simples comparsas. Unha única protagonista, Eva, aparece en 2012, no filme de Ángel Santos *Dos fragmentos/Eva*. Unha muller que, no final da relación co seu amante, se reencontra coa cidade na que fóra estu-

dante algúns anos atrás. Eva inicia en solitario un periplo romheriano e nocturno no que vai atopándose con personaxes que a ubican entre o pasado e o porvir. Tamén un reencontro con Compostela, desta volta máis fúgaz, é o de Claudia en *A estación violenta* (2017), de Anxos Fazáns. Ela, interpretada por Nerea Barros, e seu namorado David, atópanse co antigo compañeiro de estudos Manuel. Os tres percorren o casco vello compostelán na primeira parte do filme, na que se nos desvela que Claudia, personaxe sensual e complexo, volveu á cidade porque a súa morte está próxima.



Eva, a única protagonista

No cine das dúas últimas décadas podemos tamén ver mulleres que sofren o aburrimiento da vida familiar, como Sol, en *18 comidas* (Jorge Coira, 2010) ou outras que camiñan a Compostela coa súa historia persoal ás costas, como Sarah en *The Way* (Emilio Estévez, 2010) ou procurando cumprir unha promesa, no caso de Clara ou Mathilde na comedia francesa *Saint Jacques... la Mecque* (Coline Serreau, 2005). Estas mulleres de ficción só aparecen moi recentemente, da man doutras mulleres, directoras e guionistas, que procuran amosar que as que camiñan polo enlousado desta cidade antiga tamén pensan, senten e desexan.

### Polas que agardamos

Como Eva, deixándose levar pola nostalxia dunha Compostela na que pensou, sentiu e desexou, agardamos aínda por mulleres protagonistas, por peregrinas solitarias, por traballadoras dos barrios populares da cidade, por nais e fillas, polos grupíños de rapazas que beben nas terrazas ao rematar as clases.

Nas imaxes filmadas en 1958 por Manuel Arís no documental *Un viaje por Galicia*, asoman fúgazmente os rostros marcados e inocentes de Maruxa e Coralia. Son as primeiras imaxes en movemento que se conservan das Marías, mulleres imprescin-

dibles da cidade, sobre as que Esther F. Carrodeguas escribiu a súa obra teatral *Las dos en punto*. Elas, que encarnan a resistencia das mulleres compostelás a volvérense invisibles, merecen un filme que conte a súa historia canda a doutras que habitaron e habitan a cidade.



Maruxa e Coralia ben merecen un biopic

### **Post Scriptum: Compostela e eu**

Ver todos estes filmes deume a oportunidade de rever no cinema Compostela, a beleza pola que paso cada día e parece que marabilla só cando outros a viron por nós. Como di Slavoj Žižek, o cinema é un soño que alguén xa soñou por nós. Se non vemos mulleres coas que podamos identificarnos en todos estes filmes, se ninguén soñou a mulleres coma nós, somos daquela invisibles para a propia cidade.

## Filmografía

*18 comidas* (Jorge Coira, 2010)  
*A estación violenta* (Anxos Fazáns, 2017)  
*Al final del camino* (Roberto Santiago, 2009)  
*Cotolay* (José Antonio Nieves Conde, 1966)  
*Doentes* (Gustavo Balza , Roberto G, Méndez, 2011)  
*Dos fragmentos / Eva* (Ángel Santos, 2012)  
*En la red de mi canción* (Mariano Ozores, 1971)  
*Encallados* (Alfonso Zarauza, 2013)  
*La Casa de la Troya* (Alejandro Pérez Lugín, Manuel Noriega, 1925)  
*La Casa de la Troya* (Rafael Gil, 1959)  
*La noche que dejó de llover* (Alfonso Zarauza, 2008)  
*La Vía Láctea* (Luis Buñuel, 1969)  
*Não pare na pista - A Melhor História de Paulo Coelho* (Daniel Augusto, 2014)  
*Saint Jacques... La Mecque* (Coline Serrean, 2005)  
*The pervert's guide to cinema* (Sophie Fiennes, 2006)  
*The Way* (Emilio Estévez, 2010)  
*Trece badaladas* (Xavier Villaverde, 2003)  
*Un viaje por Galicia* (Manuel Arís, 1958)

## Bibliografía

Migúelez Carballeira, Helena (2014). *Galiza, um povo sentimental?: género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Ourense: Através.

